

Os grupos poéticos galegos tras Letras de Cal: entre a resistencia e a anovacion

Montserrat Pena Presas

[Recibido, xaneiro 2011; aceptado, marzo 2011]

RESUMO Tras o fenómeno Letras de Cal, de importantes repercusións simbólicas, no sistema literario galego parece existir unha tendencia a invisibilizar e a cinguir baixo idénticas etiquetas os grupos poéticos posteriores. Mais esta aparente homoxeneidade, xurdida como consecuencia do relevo que algún destes colectivos acadou en movementos políticos e sociais –é este o caso das Redes Escarlata–, funciona unicamente na tona da dinámica literaria. Por unha banda, porque se detecta a existencia de dous tipos de grupos poéticos, os que se chamarán “grupos formalmente constituídos” e os que se denominarán “redes de afinidade entre creadores”. Por outra, porque ao analizar a incidencia no campo dos primeiros (nos que se centrará o estudo), comprobarase como, abalando entre as arestas da resistencia e a anovación, cadaquén procura unha intervención de seu no sistema. Non obstante, a heteroxeneidade na conformación dos diferentes colectivos, as diferentes poéticas dos seus membros e a súa acción no ámbito local-comarcal semellan ser os trazos compartidos dun subcampo que, á vez que se mantén nun segundo plano, se atopa en constante transformación.

PALABRAS CHAVE: grupos poéticos, heteroxeneidade, intervención social.

ABSTRACT After the phenomenon known as *Letras de Cal*, of important symbolic after-effects, there seems to exist a tendency within the Galician literary system to make invisible and join together under identical labels all subsequent poetical groups. However, this apparent homogeneity, which originated as a consequence of the importance which some of these groups attained in social and political movements –such as the case of the *Redes Escarlata*–, only functions on the surface of the literary dynamics. On one hand, because the existence of two kinds of poetical groups can be detected; those who would be known as “formally constituted groups” and those known as “affinity networks amongst creators”. On the other hand, because when the analysis on the incidence on the field of the former group (where the study will focus) is carried out, it will be observed how through the oscillation between the margins of the resistance and those of the innovation each group intends to secure their own intervention within the system. However, a certain heterogeneity in

the structure of the different groups, the different poetical lines of their members and their action in the local-regional field seem to be the shared features of a subfield which, as well as staying on a background level, is in constant transformation.

KEYWORDS: heterogeneity, poetical groups, social intervention.

Facer mapas nunca foi tarefa doada. Por iso, trazar unha cartografía de grupos poéticos galegos é vogar nun mar revolto no que pouco se ve do fondo e no que a intuición se converte no principal guieiro para iniciar a navegación. Están tamén as cartas marítimas que outros e outras, acostumados máis a estas augas bravas (polo que teñen de vivas) emprestaron¹, así que se partirá de diferentes investigacións que poden axudar a contextualizar a seguinte achega.

Cómpre comezar explicando que criterios se empregarán para delimitar as fronteiras do que se considera colectivo poético. Para iso, usarase a definición que achega o Equipo Glifo no seu *Diccionario de Termos Literarios*:

Enténdese por grupo literario un número de persoas entre as cales existe algún elemento integrador, intereses e obxectivos comúns e unha actividade social colectiva, cando menos nos momentos iniciais da súa intervención no espazo público (Equipo Glifo, 1998: 533).

66

O perfil co que se traballa é amplo e será de grande utilidade nun panorama en que os colectivos se caracterizan, de xeito global, pola súa laxa cohesión, especialmente visíbel nas poéticas diverxentes dos seus integrantes, e esta case sempre responde a unha coincidencia espacial e/ou de intereses político-sociais-culturais.

Se ben as comunmente chamadas promocións dos oitenta e dos noventa empregaron como estratexia para gañar espazo no campo literario os grupos poéticos (Louzao Outeiro, 2006: 69), e se a década dos noventa foi especialmente proclive á conformación de colectivos de produtores (Louzao Outeiro, 2006: 99), a tendencia nestes últimos anos semella ser a contraria. Por unha banda, pola aparente carencia (só mantida na tona sistémica) de grupos poéticos minimamente estábeis que realicen unha tarefa constante e por outra, pola

¹ A autora agradece moi especialmente a axuda que Carlos G. Figueiras, Lorena López e Isaac Lourido lle forneceron para ir localizando produtoras, produtores e pegadas de posibles grupos poéticos.

resistencia que moitos produtores e produtoras manifestan ante unha etiquetaxe xeracional e mesmo grupal.

Esta resistencia á etiquetaxe, a variabilidade e inestabilidade dos colectivos autorais, o atípico dalgunhas das canles empregadas para chegar ao lectorado, a procurada querenza pola invisibilidade e o aparente baleiro de iniciativas grupais producido despois da disolución de Letras de Cal, quizais poidan explicar a escasa presenza que os colectivos están a ter nos estudos críticos sobre poesía galega. Se se revisan as panorámicas de poesía do *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos* (Rábade Villar, 2002; González Fernández, 2004, 2005, 2006, 2007), verase que practicamente ningunha alusión se fai ao labor desenvolvido polos grupos de creadores e creadoras en funcionamento, que sofren unha invisibilización só xustificada pola tan nomeada convivencia xeracional e pola conseguinte resonancia de nomes e poéticas que se poderían cualificar de canónicos. Unicamente se ten en conta que, como consecuencia do desastre do *Prestige* ocorrido nos finais 2002, se constituíron numerosas redes sociais que ergueron a voz contra a marea negra, o que é considerado:

un dos fenómenos máis singulares do percorrido cultural do século XXI, pois é difícil que se volva repetir este estado de creación crítica e colectiva mantida durante tantos meses, no que o máis interesante non son os libros senón as innumerables accións e intervencións (e intervir é transformar) que mantiveron a cultura galega nunha actitude infatigable que chegou a toda Galiza (González Fernández, 2004: 118).

Como consecuencia da actividade colectiva que viviu o mundo da cultura durante os meses posteriores a novembro de 2002, produciuse a consolidación de grupos de produtores e produtoras que doutra maneira non se terían asentado como tales coa intención de intervir socialmente no sistema. O *Prestige* actúa na poesía galega como unha baliza que marca o nacemento dunha nova conciencia social, promovendo opcións temático-repertoriais que apostan polo cívico e polo comprometido. A poética social volve contar en Galiza cun novo pulo. Posibelmente por isto e pola preeminencia que un destes colectivos adquiriu (refírome aquí ás Redes Escarlata), boa parte destes grupos poéticos foron etiquetados (e polo tanto homoxeneizados) baixo o distintivo “intervención social”, agochando outros posicionamentos creadores –se ben secundarios– igualmente interesantes.

O escurecemento da acción colectiva polos materiais críticos perpetuou esta homoxeneización e deixou escaso espazo para a análise doutras actitudes

grupais. Por este motivo, e para realizar unha achega máis precisa á cuestión grupal, semellou pertinente realizar un sinxelo cuestionario a diferentes autores que partía de dúas preguntas básicas: “Considérase pertencente a un colectivo poético?” ou “Pensa que comparte intereses cun grupo de creadoras e creadores?”. Segundo se contestase a unha ou outra, o itinerario variaba e convidaba a explicar experiencias grupais ou afinidades con outros axentes culturais. Os autores enquisados que responderon foron Xabier Cordal, Mario Regueira, Belem de Andrade, Alfonso Láuzara, Daniel Salgado, Lois Gil Magariños, Carlos Figueiras, Manuel Lopes Rodrigues, Vítor Gulías e Manuel del Río, polo que para sustentar determinadas afirmacións remitírase ás súas respostas² (indicando que foron recollidas no cuestionario realizado pola autora).

O primeiro que se observa ao tentar trazar unha panorámica dos grupos que funcionaron ou funcionan no sistema dende 2002 (ano en que morre a iniciativa de Letras de Cal) é que existen dous tipos de colectivos: os grupos formalmente constituídos e as redes de afinidade entre creadores. Os que chamamos “grupos formalmente constituídos” (nos que por causa de espazo nos centraremos maioritariamente) caracterízanse por ser recoñecidos como tales por todos ou a maioría dos seus integrantes, con conciencia de formar parte dun colectivo. Isto implica que contan con varios destes trazos identificativos: comparten unha denominación común, adoptan unha postura semellante ante a cultura ou/e a literatura, posúen diversos órganos de expresión (xa se trate de publicación periódica, web ou/e blog) e participan practicamente nas mesmas iniciativas (recitais, mobilizacións sociais ou culturais, etc.). En canto ás redes de afinidade entre axentes culturais (que cómpre deixar para un estudo máis demorado) serían marcos de colaboración máis amplos e menos estábeis, sen denominación compartida, en que os seus participantes (cunha marcada heteroxeneidade) só recoñecen uns certos intereses semellantes e a coincidencia en determinadas iniciativas culturais³.

² Despois da redacción deste traballo, recibíronse tamén as respostas de Noel Blanco, Olalla Cociña e Estíbaliz Espinosa, que serviron para alicerzar os datos xa coñecidos á vez que para abrir novas perspectivas no camiño trazado.

³ Neste sentido, sería moi interesante analizar como boa parte da poesía galega (e mesmo o sistema, en xeral) se artella arredor destas redes de afinidades. Centrándonos en concreto na poesía, cumpriría ver como interaccionan entre si os axentes culturais agrupados arredor de Santiago de Compostela e do eixo Cineclubes-Estaleiro Editora-Dorna; como o fan os localizados á Coruña e con fortes vencellos con Espiral Maior; e, por outra banda, como se percibe outra corrente de forza na blogosfera, maioritariamente alicerzada por produtoras normalmente etiquetadas pola crítica como “dos noventa”.

Nos chamados “grupos formalmente constituídos” estarían o Colectivo Sacou, Coporación Semiótica, as Redes Escarlata, o Clube dos Poet@s Viv@s e A Porta Verde do Sétimo Andar. Dentro destes, habería dous, Coporación Semiótica e o Colectivo Sacou que, aínda que a súa andaina comeza durante o funcionamento de Letras de Cal, o seu labor continúa despois. No caso de Coporación Semiótica Galega, o seu proxecto é de clara vontade experimental e anovadora e atópase en funcionamento dende finais dos anos noventa. Baixo unha denominación que remite a un marcado carácter grupal atópase, principalmente, o nome de Lois Gil Magariños, quen ten manifestado que este non é un proxecto “nin individual nin colectivo”, aínda que reconece que “o ideal sería que houbera un colectivo constante” (Culturagalega.org, 2007). O obxectivo primeiro foi crear unha plataforma editorial aberta e auto-xestionada que aglutinase diferentes creadores e creadoras da comarca do Ulla (Gil Magariños, no cuestionario coa autora). Por iso, amais do principal impulsor da Coporación, esta contaría coa colaboración doutros creadores coas mesmas inxerencias, que se poderían concretar no interese pola arte correo (modo de creación que consiste en cruzar mensaxes artísticas a través do correo electrónico e do correo postal) e, sobre todo, pola poesía visual (o material de repertorio priorizado). A través dela o que se pretende é denunciar diversos temas: dende o imperfecto xeito de ver dos humanos (como ocorre en *Perspectiva Polichinela*, unha carpeta de colaxes en que se transforman imaxes tiradas da prensa para incitar á reflexión) até os significados ocultos que se agochan na maioría dos símbolos publicitarios. Igualmente, compartiríase a preocupación por un cambiante concepto de autoría, que tentarían redefinir a través dos seus traballos. O lectorado que se procura é sempre activo e moi cómplice, dado que as actividades deste grupo son escasamente difundidas e van dirixidas a un público moi especializado, de maneira que pode chegar a existir unha correspondencia entre produtores e consumidores. A súa incidencia no mercado é mínima, xa que as tiraxes son cativas (nalgúns casos non superan os vinte exemplares) e a distribución adóitase facer en redes pechadas relacionadas cos propios produtores implicados (como exemplo, o proxecto *Ex-libris*, que se enviaba unicamente dende Pontecesures nun sobre). Non só polo concepto de poesía que importan (unha combinación de texto, imaxe e xesto), senón tamén pola vontade de fuxir das vías de comunicación habitual, por recorrer a espazos periféricos para as súas accións (estas case sempre se desenvolven en vilas) e polo vangardismo provocador das súas propostas (como por exemplo *Pigdada and cia*, unha experiencia de *mail art* que emprega o porco como icona creativa e que resulta unha magnífica mostra do espí-

rito deste colectivo⁴), a situación de Corporación Semiótica segue a ser, conscientemente, a mesma que dez anos antes: situados da banda da vangarda non consagrada, o seu obxectivo é continuar reflexionando sobre os procesos creadores á vez que seguir establecendo un diálogo interartístico dende o texto poético. Un texto que emane resistencia ás formas habituais e que se interroga e faga reflexionar a outros sobre o concepto de autoría. Porque a súa reivindicación é tamén a de acadar un espazo para a poesía experimental no país⁵.

En canto ao Colectivo Literario Sacou, a súa actividade comezou ao redor dos anos 97 e 98, artellada arredor das villas de Noia e Outes e producida debido á coincidencia de moitos dos seus membros iniciais no instituto de secundaria noiés. Os seus integrantes iniciais foron Xoán García, Manuel Lopes Rodrigues, Manuel del Río, Iria Lago, Óscar Sendón, Ramón Blanco e Nacho Suárez, e contaban co obxectivo prioritario de dinamizar culturalmente a súa comarca e dignificar a cultura galega (Lopes Rodrigues en entrevista coa autora), polo que levaron a cabo actividades que ían dende recitais máis ou menos espontáneos, ás Xornadas de Defensa da Cultura Galega (que chegaron á cuarta edición) até a saída do prelo da publicación *A Caramuxa*. Esta, que comezou sendo pouco máis ca unha folla voandeira da que se tiraba un novo número con cada estación, foi editada a partir do seu número 9 por Toxosoutos⁶, que lle outorga un formato de revista convencional. Pese ás diverxentes estéticas que aniñaban en cada un dos seus compoñentes, compartían o espazo local e unha ideoloxía político-cultural moi semellante (na maioría dos casos moi vencellada ao nacionalismo de esquerdas) e a visión de que as institucións do sistema literario galego estaban a priorizar certos repertorios como opción única, polo que mantiveron unha postura bastante crítica con certos sectores da literatura galega (Lopes Rodrigues en conversa coa autora)⁷.

⁴ Nel escóllese o porco como fonte de inspiración porque representa o poder espiritual, algo oposto ao que representa o oso (o poder guerreiro e temporal).

⁵ Nótese que Lois Gil (no cuestionario coa autora) explica como o grupo foi convidado, por petición del mesmo, a participar nunha exposición de poesía visual no I Congreso de Poesía Galega celebrado en Vilagarcía. Porén, o aparente desinterese dos participantes, que para Gil Magariños estaban “demasiado atarefados en matar o pai” (en clara alusión ás polémicas palabras de Rafa Villar), suscita a reivindicación dun espazo propio por parte da alma máter de Corporación Semiótica, que o leva a soste-lo “actual desinterese polas formas poéticas non orgánicas”.

⁶ Editora con que o grupo manterá abonda relación, pois Iria Lago chega a ser directora de publicacións e Ramón Blanco publica e traduce para esa empresa.

⁷ Esta actitude é compartida cunha rede non establecida de creadores (coñecida como o “Grupo dos Comparatistas”), que conformarían Noel Blanco Mourelle, David Souto, Javier Patiño e Adrián Álvarez, ao que tamén se vinculará Manuel del Río por coincidencia espacial na Facultade de Filoloxía da

Sacou, aínda que comeza sendo un grupo de acción cultural local relativamente reducido, acaba por se converter nun movemento máis aglutinador de certa relevancia, grazas á capacidade dos seus integrantes para implicar diferentes axentes culturais. En primeiro lugar, comezaron polo contexto inmediato, sumando ao seu proxecto, amais da Editora Toxosoutos, a xentes vencelladas á cultura, dando lugar ao que se coñeceu coma a “contorna Sacou”. O segundo paso foi incorporar como colaboradores d’*A Caramuxa* a produtores e produtoras emerxentes que aínda non publicaran a súa primeira obra individual ou que unicamente contaban cun poemario na rúa (Mario Regueira, Oriana Méndez ou Daniel Salgado). Isto combinouse co convite aos seus actos a autoras e intelectuais máis consagrados, como Chus Pato, Camilio Nogueira ou Ferrín. A súa evolución no sistema vai en paralelo a esta actividade aglutinadora, pois aínda que o colectivo nunca acadou unha posición achegada á centralidade (algo que sen dúbida, tampouco era o seu obxectivo), avanza dende unha posición máis periférica (medios máis cativos, vontade de autoxestión, nomes descoñecidos, ámbito espacial concreto) cara a outra igualmente periférica pero máis visibilizada (apoio de Toxosoutos, colaboración con produtores e produtoras de fóra do seu radio de influencia, realización de actos noutras localizacións), quizais tamén pola ocupación dunha parte do baleiro deixado –como grupo bandeira das marxés– por Letras de Cal.

71

Fronte á proposta anovadora da Corporación, cómpre resaltar a intervencionista das Redes Escarlata, formadas oficialmente en maio de 2001, con web homónima, blog e revista de seu, que ten como obxectivos: “intervir en temas políticos, sociais e culturais da nosa Terra e Tempo”. Pese a estas palabras tiradas do seu manifesto inaugural, as súas mediacións no sistema son principalmente político-sociais e non tanto culturais. Aínda que a conformación das Redes ocorreu un ano antes do afundimento do *Prestige*, os actos organizados logo do desastre ecolóxico catalizaron e deron unha maior difusión ao colectivo. Bos exemplos disto son o manifesto de creación colectiva “Máis de mil razóns para non votar ao PPrestige/PPetroleiro e para botalos” ou o “kit poé-

USC e vencillos de amizade. Proba disto é que Blanco Mourelle colabora n’*A Caramuxa* cun artigo en que reivindica unha literatura dende a esquerda en que os interese das obras descansen “no desafío intelectual que propoñen, no conflito de aceptabilidade que suscitan (isto é, en que medida forzan un avance no sistema literario ao forzar o horizonte de expectativas dos consumidores)” (Blanco Mourelle, 2004: sen numerar) e que Del Río sostén (no cuestionario coa autora) “a miña postura (sobre a literatura galega) coincidía coa dos Sacou e a dos Comparatistas, anque estes últimos eran moito máis críticos e cáusticos co noso sistema, e varios deles o teñen xa abandonado pola literatura española”.

tico” de denuncia dirixido a Manuel Fraga. Isto, xunto cunha traxectoria alongada na denuncia de situacións políticas determinadas (a guerra de Iraq, a ilegalización de Batasuna), fixeron deste colectivo un grupo eminentemente orientado cara á acción política e convertérono en máis ca un grupo poético, pasando a ser practicamente un referente social. Así o expresa Xavier Cordal: “únenme ás redes unha visión común da intervención política e a negativa a aceptar que somos españois e que a economía capitalista, o patriarcado ou a destrución da terra sexan inevitables” (a referencia é do cuestionario). Para comprender isto na súa totalidade, cómpre resaltar o vencello existente entre esta agrupación e a Fronte Popular Galega, como reconece claramente Chus Pato:

A FPG decidiu constituír unha desas antigas fronteiras culturais. Reunímonos unha serie de xente sen moita idea do que era aquilo, a verdade. O nome xurdiu por *Bretaña esmeraldina* na que hai unha organización de presos, as Redes Escarlata, que planean para fuxiren do cárcere. O noso plan era abrir un espazo de intervención política e cultural (Castro, 2008: 19).

72

As poéticas dos seus integrantes son moi diversas, como o son as súas traxectorias ou as súas datas de nacemento –significativo é, neste sentido, que no volume partillado *Xuro que nunca volverei pasar fame. Poesía escarlata* (2003) os únicos datos que se fornezan das autoras son os nomes e non outros elementos que poderían modificar a percepción de quen le–, mais todas teñen en común “o posicionamento do corpo político que produce o texto” (Cordal, cuestionario coa autora).

A súa traxectoria consolidada, a inxente nómina de produtores que acolle, a gran difusión que tiveron moitos dos seus actos, o seu compoñente idealista e o feito de que nas súas filas se aliñen boa parte dos nomes centrais da poesía galega actual (Ferrín e Chus Pato, por citar os casos máis evidentes) fan das Redes Escarlata o colectivo máis canónico (e polo tanto o que actúa de modelo de grupo poético, cubrindo boa parte das iniciativas dos outros), que o levarían a situarse nunha vangarda consolidada.

De recente xurdimento (o blog funciona dende 2005) é a experiencia colectiva A Porta Verde do Sétimo Andar, a unión dun grupo de poetas, cuxo núcleo estaría formado por Alfonso Láuzara, Cruz Martínez, Luís Viñas, Abilio Rodríguez, rosanegra (Rosa Martínez) e Alberte Momán, co obxectivo de atoparse no seu particular cuarto para “destilar á nosa maneira a realidade

subxectiva e mostrala tal e como queremos” (A Porta Verde do Sétimo Andar, 2005), que se vincularían por un “galeguismo esencial” e pola defensa comprometida da cultura e lingua galegas (Alfonso Láuzara en entrevista coa autora). Como noutros grupos, non hai unha coincidencia de idade, nin de formación, nin de poéticas e a súa cohesión artéllase na coexistencia espacial e na participación das súas diferentes iniciativas (os Encontros no Sétimo Andar, celebrados unha vez ao mes no vigués Café Uf!, concibidos coma unha sorte de xuntanzas poéticas abertas a todo o público; a publicación en 2007 da obra –que funciona como unha antoloxía grupal– *A porta verde do sétimo andar*, autoeditada, e que recolle moitas das composicións xa aparecidas na bitácora; ou a colaboración con outros colectivos, como o portugués Incomunidade, con quen manteñen un diálogo constante). O feito de que moitos dos seus membros non conten cunha obra individual publicada (agás Alberte Momán e minus-bálido) e que na súa antoloxía se recollan poemas xa publicados podería facer pensar que o volume vai encamiñado a acadar máis centralidade no campo literario. Non obstante, as vías de difusión alternativa en que se moven moitos dos seus membros (a maioría publican na web, aínda que non fan excesivo uso dos hipertextos e demais posibilidades que abre esta ferramenta) e colaboradores (coma minus-bálido, participante en moitos proxectos de carácter experimental no eido da poesía audiovisual⁸), pode indicar que concibiron o volume como o medio máis estábel (polo que ten de convencional) para chegar a un lectorado máis amplo e, polo tanto, de adquirir certa visibilidade (que non centralidade). As accións colectivas á marxe do centro do sistema localizadas case sempre en Vigo e a súa área de influencia, a nómina maioritaria de integrantes sen obra individual publicada (agás Alberte Momán, que porén, tira do prelo autoeditándose ou en selos como Difusora e Estaleiro, o que supón unha toma de posición moi concreta) e unha presenza maior nos espazos virtuais fan de A Porta Verde do Sétimo Andar un colectivo con obxectivos eminentemente creativos e moi abertos (como aberta é a participación no colectivo), que pasan polo diálogo con outros grupos de creadores e polo activismo cultural vigués. Mais a vontade experimental (exemplificada na colaboradora Elvira Riveiro) ou a social (a vertente que máis ocupa a Manolo Pipas) semellan non ser algo completamente compartido, o que subliña, de novo, a heteroxeneidade grupal, desta vez tamén salientada nos fins grupais, abondo diversos.

⁸ Como foi o ciclo *Translittera* de novas linguaxes poéticas, coordinado por Rafael Janeiro, e que se levou a cabo en diferentes cidades galegas durante o outono de 2005 e os comezos de 2006.

Un grupo máis innovador é aínda o Clube dos Poetas Viv@s, xurdido en 2006 co obxectivo de “cambiar o mundo con a ajuda da poesía” (Clube dos Poetas Viv@s, 2006). O colectivo estaría formado por Artur Alonso, Concha Rousía, Belem de Andrade, José Manuel Barbosa, Servando Barreiro e José A. Corral e contaría cun blog homónimo en que van publicitando as súas actividades, fundamentalmente recitais ou outros actos poéticos (como o magosto con poesía que se levou a cabo en Parada de Piñor) celebrados no ámbito da cidade de Ourense e da súa área de influencia⁹. Os seus modos de actuación cinguen o compromiso coa literatura co compromiso coa realidade, baseado nunha opción libertaria (non se recoñecen os estados) a partir da cal pretenden incidir na sociedade, especialmente nos máis novos. Isto leva aparelado un compromiso lingüístico en que a opción idiomática escollida (a reintegracionista ou o portugués), é outro nexo de unión primordial entre os membros do colectivo:

respeitamos e legamos a voz que vem das mães, dos pais e avôs de nossos avós, por isso não sumetemos a voz ao comércio do verbo, nem entregamos a fala em troca dum suposto parabém que nos calme a consciência. Por isso escrevemos na norma que une povos diversos, mais de 200 milhões de vozes nascidas neste ventre universal (Clube dos Poetas Viv@s, 2006).

74

Ademais dos actos literarios que contan coa presenza de boa parte dos integrantes do grupo, a súa unión como tal maniféstase na participación nas mesmas publicacións (como por exemplo no volume *Dez por dez*, que recolle a obra de dez poetas para conmemorar o décimo aniversario de Abrente Editora), ou na colaboración conxunta cando un deles publica un poemario (por exemplo, José M. Barbosa comenta e entrevista a Artur Alonso pola saída do prelo das dúas súas obras). Dentro do sistema literario, o Grupo dos Poetas Viv@s sería o colectivo que máis se situaría na marxinalidade. En primeiro lugar, polo emprego dunha norma alternativa, que até agora condiciona totalmente a recepción dos volumes, esquecidos e escurecidos pola institución. Tamén, porque os seus integrantes que contan con obra publicada só o fixeron a través de Abrente ou pola Difusora de Artes e Ideas, dúas editoras que tamén

⁹ Cómpre relacionar este grupo formalmente establecido cunha rede de afinidade entre creadores, artellada ao redor da asociación Avantar do Carballiño. Esta rede reúne a poetas locais cun poeta consagrado nuns encontros estacionais denominados “Tasca e literatura”. Belem de Andrade e Concha Rousia adoitan participar nestes xuntoiros.

supoñen un posicionamento alternativo. Isto vai en consonancia coa vontade, especificada na cita anterior, de permanecer á marxe dos circuitos máis comerciais.

Por máis que durante os anos 2001, 2002 e 2003 se falou de “continuísmo” (Rábade Villar, 2002: 256) e de “certo estancamento” na poesía galega (González Fernández, 2004: 115), marcados polo estiramento das propostas da década anterior, logo viñeron tempos en que un dos elementos máis novidosos foi a aposta dos “poetas novos” polo compromiso social (González Fernández, 2005: 152). Un compromiso social que sen dúbida, amais do pulo individual, se adoita xerar nas dinámicas grupais.

É moi significativo, que moitos dos produtores que na actualidade recoñecen a súa pertenza a un grupo formalmente establecido, se integrasen xa no pasado noutro colectivo deste tipo (Xabier Cordal primeiro en Roseltz e agora nas Redes Escarlata, Elvira Riveiro nas Redes Escarlata e na Porta Verde, etc.), o que explica en boa medida a rede de redes que se crea se analizamos as relacións entre uns e outros grupos (anotaremos unicamente que Corporación Semiótica ten colaborado con A Porta Verde, algúns membros deste coas Redes Escarlata, o Clube dos Poetas Viv@s con A Porta Verde, etc.), que dá lugar a un subsistema paralelo en que se colabora coa intención de transformar. Os colectivos que actualmente interactúan no campo literario galego fano guiados non tanto por un obxectivo editorial (como podía ser o caso de Letras de Cal e aínda que neste aspecto Corporación Semiótica constituía unha excepción) e polo tanto, non coa idea primordial de incidir no aspecto literario, senón de actuar para tentar mudar certas dinámicas político-sociais (o que xustifica tamén a heteroxeneidade das súas escollas temático-repertoriais). Isto explica que, aínda que nun comezo se parta dun grupo de poetas, logo se axuntan diferentes produtores culturais (pintoras, actores, académicas, deseñadores, como ocorre no caso da Corporación Semiótica ou da Porta Verde). O principal ámbito escollido en case que todos os casos é o local (resaltan os vencillos de Sacou a Noia-Outes, da Corporación á comarca do Salnés e do Ulla-Sar, do Clube dos Poetas Viv@s a Ourense, etc.), o que xustifica nunha parte a pouca visibilidade de moitos destes colectivos, mais tamén o desexo de incidir na súa realidade máis próxima. Unha actuación moi relacionada coa importancia que teñen as *performances* e os recitais dentro das actividades destes grupos (non tratados aquí pola condición de brevidade imposta), e que reflecten o xeito máis social, máis comunal, máis participativo, de entender a

poesía¹⁰. Alén desa acción local, moitos destes colectivos establecen diálogos frecuentes e directos co ámbito da lusofonía (A Porta Verde co grupo portugués Incomunidade, Corporación Semiótica coa revista Parnasur, do norte de Portugal, o Clube dos Poetas Viv@s xa a través da escolla lingüística), o que demostra unha vontade de difundir a súa actividade grupal fóra do propio sistema.

Aínda que resulta reducionista etiquetar as accións dos colectivos poéticos baixo o lema único da intervención social, parece claro que os grupos que interactúan no sistema literario galego fano movidos pola pretensión de achegar a poesía ao seu ámbito máis próximo e convertela nun instrumento de reflexión. Porén, dentro do escurecemento ao que a crítica literaria galega someteu o labor de moitos destes colectivos, asimilouse a actividade levada a cabo por uns e outros, mimétizándose, cando as direccións (que non as estratexias, como se viu, máis semellantes) e os obxectivos eran diverxentes. Dende o ámbito máis político-utópico das Redes Escarlata (centro do sistema grupal), pasando polo máis cultural da Porta Verde do Sétimo Andar (máis nas marxas), polo máis experimental de Corporación Semiótica (que procura conscientemente a marxe da marxe dende a vangarda), ou pola situación intermedia de Sacou (sempre entre a difusión e a dinamización), só no futuro se poderá analizar con maior claridade o esforzo duns colectivos poéticos que quedaron mergullados no falso e profundo baleiro deixado no sistema por Letras de Cal. Quizais porque máis ca buscar un espazo achegado ao centro do sistema a través da publicación de “novas voces”, apostaron por unha acción localizada –que non tiña como obxectivo primordial a publicación– que ía dende a intervención social e a difusión cultural (opcións maioritarias) á reivindicación doutros xeitos (minoritarios, polo momento) de facer poesía, mais todos destinados (tamén polo seu propio interese) a habitar a periferia.

Montserrat Pena Presas

Universidade de Santiago de Compostela

¹⁰ Non por acaso, Bermúdez (2003: 203) sinala que “o valor simbólico que poida ter a poesía na Galiza do serodio século XX require que avaliemos a práctica das *performances* poéticas na súa obvia dimensión social”. Un traballo que continúa sen facer e que axudaría, sen dúbida, a poder medir con precisión e a pór en valor o labor destas agrupacións.

Bibliografía

- Bermúdez, Silvia. 2003. “O capital simbólico das literaturas subalternas: a poesía galega no serodio século XX”, en *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2002*, pp. 201-205.
- Blanco Mourelle, Noel. 2004. “Letras sinistras”, en *A Caramuxa*, nº 12, sen paxinación.
- Castro, Aurelio. 2008. “Entrevista a Chus Pato: o esencialismo foi o que destruíu a miña xeración política”, en *Protexa*, nº 7, pp. 16-19.
- Clube dos Poetas Viv@s. 2006. “Manifesto do Clube dos Poetas Viv@s”. Dispoñíbel en <http://agal-gz.org/blogues/index.php/poetas> (Última entrada 13-7-2009).
- Culturagalega.org, redacción. 2007. “Versos en metamorfose: grupos poéticos de hoxe”. Dispoñíbel en <http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=9246> (Última entrada 13-7-2009)
- Equipo Glifo. 1998. “Grupo literario”, en *Diccionario de Termos Literarios. Tomo II: E-H*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, p. 533.
- González Fernández, Helena. 2004. “A poesía nos anos 2002 e 2003. Sobre crises, autoras e unha certa tendencia á institucionalización”, en *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2003*, pp. 115-122.
- 2005. “A poesía no sifate de 2004”, en *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2004*, pp. 152-159.
- 2006. “A poesía no sifate de 2005 e o limiar estético”, en *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, pp. 174-180
- 2007. “Fórmulas de compromiso. A poesía en 2006”, en *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, pp. 150-155.
- Louzao Outeiro, Miguel. 2006. *Letras de Cal na produción poética galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Nogueira Pereira, María Xesús. 2003. “A poesía galega actual. Algunhas notas, necesariamente provisórias, para un estado da cuestión”, en *Madrygal*, nº 6, pp. 85-97.
- Porta Verde do Sétimo Andar, A. 2005. “Post inaugural”. Dispoñíbel en <http://aportaverde.blogspot.com/search?updated-max=2005-07-24T13%3A04%3A00%2B01%3A00&max-results=50>. (Última entrada 13-7-2009).
- Rábade Villar, María do Cebreiro. 2002. “Dourada medianía no arranque do milenio ou ¿quen teme á nova poesía galega?”, en *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2001*, pp. 265-276.